



## BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 31-01-2020.

**Expte: 2020/G010/000001**

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. Victor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)  
Dna. M<sup>a</sup>. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)  
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)  
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)  
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)  
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)  
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V)  
D. Francisco Trillo Pazos. (A.V)  
D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)  
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Non asisten xustificado polo portavoz do seu grupo: D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema. (A.V).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: Dna. Lourdes Castro Pena.

### ORDE DO DÍA:

#### A) Sección Resolutiva:

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2019.

2º. Ditame sobre a Modificación Puntual núm. 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo.

3º. Ditame para a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

4º. Ditame para a aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2019 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

5º. Ditame para a aprobación da modificación das bases de execución. Anexo subvencións nominativas.



6º. Ditame para recoñecer a D. Faustino Vilariño López, a bonificación do 95% da cota do ICIO por mor das obras de construción de dous silos para almacenar forraxe en verde. Expte núm. 2019/X999/000170.

7º. Ditame para recoñecer a Ganadería Os Loureiros, S.L., a bonificación do 95% da cota do ICIO por mor das obras de construción de fosa de purín cuberta. Expte núm. 2019/X999/000171.

## **B) Sección de control**

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

9º. Dar conta de asuntos económicos.

10º. Mocións de urxencia

11º. Rogos e preguntas.

D. Manuel Antelo excusa á ausencia da súa compañeira por un asunto persoal.

A continuación comeza o debate plenario:

### **1.- Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2019.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2019.

### **2.- Ditame sobre a Modificación Puntual núm. 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras celebrada o 28 de xaneiro de 2020 que se reproduce a continuación:

#### **"1. Proposta de ditame sobre a Modificación Puntual núm. 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2020, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **Asunto: aprobación inicial da Modificación Puntual núm. 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Vimianzo e conservación de actos**

Visto o expediente da Modificación Puntual nº 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, nomeado "redelimitación dos núcleos rurais de O Campo, Bamiro, O Ceán, Tines, Romarís, Treos, O Refoxo e Quintáns", elaborado polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña.



Consta no expediente o informe ambiental estratéxico da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que tivo entrada no Rexistro Xeral o 28 de xuño de 2018 con RE 4035.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 326/2019 resolveuse aprobar inicialmente a Modificación Puntual núm. 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo.

O anuncio de exposición ao público do documento de MP núm. 6 foi publicado no DOG do 15 de abril de 2019 e publicado nos xornais La Voz de Galicia o 17 de abril de 2019 e El Correo Gallego o 16 de abril de 2019.

A aprobación inicial da dita modificación, así como a exposición pública foi comunicada a todos os propietarios catastrais afectados mediante escrito asinado pola secretaria do Concello, na data do 15 de abril de 2019 e con RS 1342.

Na data do 23 de xullo de 2019 procedese ao requirimento de informes sectorias aos distintos organismos que constan indicados no informe emitido polo arquitecto municipal na data do 6 de xuño de 2019.

O 5 de decembro de 2019 con RE número 6397 ten entrada no Rexistro Xeral o escrito do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no que se require que se aprobe inicialmente a Modificación puntual núm. 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo (A Coruña) polo Pleno da Corporación como órgano competente aos efectos de obter os informes sectoriais preceptivos.

Consta no expediente o informe emitido polo secretario xeral, na data do 30 de decembro de 2019 e que dí o seguinte:

**"INFORME XURÍDICO:**

EXpte: 2019/X999/000006; 2019/G003/000020.

**ASUNTO:** NULIDAD DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN INICIAL DA MP6 (nº 326/2019) E CONSERVACIÓN DE ACTOS.

Vista a providencia de Alcaldía de data 27 de decembro de 2019 e conforme ó disposto no artigo 173 do ROF, 54 do TRRL, 92 da LBRL e artigo 3.3.a) e d.3º) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo.

Antecedentes de feito:

Os que figuran no expediente e polo que aquí interesa como hitos fundamentais os seguintes:

- 25/06/2018: Informe ambiental estratéxico no que se determina a innecesariedade de someter a MP6 á avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

- 11/03/2019: Resolución da Alcaldía núm. 326/2019 pola que se aproba inicialmente a MP6.

- 05/12/2019: Requerimento do Servizo de Urbanismo da CMATV de documentación sobre a MP6 e sobre a aprobación inicial por parte do Pleno da Corporación por improcedencia de facelo pola Alcaldía da mesma.

Lexislación aplicable:

- Lei 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.

- Constitución Española- CE-.

- Lei 7/85 de 2 de abril - LBRL - .

- Lei 2/2016 de 10 de febreiro - LSG-.

- Decreto 143/2016 de 22 de setembro- RLSG-.

- Real Decreto Lexislativo 7/2015 de 30 de outubro - LSRU-.

- Lei 3/2014 de 24 de abril - LCG-.



### Consideracións Xurídicas:

#### **PRIMERA.- Consideracións xerais en relación cos actos administrativos nulos de pleno dereito (art.47 da LPACAP):**

Comezo este informe con estas consideracións que serán de aplicación ás conclusións do mesmo xa que se constata un suposto de nulidade de pleno dereito na resolución de Alcaldía de aprobación inicial da MP6 por incompetencia funcional ou material, sen perxuízo de analizar outros aspectos sinalagmáticos do expediente en cuestión e derivados desta nulidade.

Os actos administrativos teñen a presunción de validez e de execución inmediata como así o plasman entre outros o art.37 e ss e 98 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, art.56 e 57 da derogada Lei 30/92 do 26 de novembro e a nivel local o art.51 da Lei 7/85 do 2 de abril.

Esta eficacia inmediata só demorada no caso que así o estableza o propio contido do acto ou estea supeditado a notificación, publicación ou aprobación superior, non implica necesariamente a validez e adecuación do acto co ordenamento xurídico de modo que pode ser expulsado do tráfico xurídico en casos taxados, expulsión que é regulada e imperativa cando se dean os supostos previstos no art.47.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Así, o art.106.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro establece que As Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, si houbedo, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ou que non sexan recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 da mesma ó que habería que engadir o contemplado no artigo 37.2 desta mesma norma.

Esta potestade de revisión de oficio regulada para as entidades locais no art.4.1.g) da Lei 7/85 do 2 de abril, é unha potestade reglada, non é facultativa nin discrecional xa que a literalidade do art.106 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de aplicación á vista da Disposición Transitoria 3ª desta norma non deixa lugar a dúbidas ao establecer que “declararán”.

O procedemento non ten máis características peculiares que a necesidade de informe preceptivo e vinculante, para a declaración de nulidade, do consello consultivo correspondente sendo por tanto o procedemento administrativo común e as pautas marcadas polos distintos dictámenes dos consellos consultivos a que nos indica o iter procedemento: Incoación con suspensión dos actos nos casos previstos no art.108, nomeamento de instrutor, audiencia dos interesados, proposta de resolución, ditame e resolución do órgano competente.

En relación á administración local por remisión ao procedemento administrativo común por parte do art.53 da Lei 7/85 do 2 de abril e art. 60 do TRLS15 ( Real Decreto Lexislativo 7/2015 do 30 de outubro) será de aplicación o disposto no art.106 da Lei 39/2015 do 1 de outubro e no seu Título IV.

En todo caso, a declaración de nulidade debe adoptarse con prudencia e parsimonia xa que están en xogo o principio de seguridade xurídica e o principio de legalidade de modo que a expulsión do acto sería desde a orixe, ex tunc, e a apreciación ha de ser evidente e flagrante para non desvirtuar o primeiro dos principios ou acudir a outros modos de revisión menos gravosos e máis sensibles na súa aplicación como a anulabilidade.

SEGUNDA.- O órgano competente para resolver o procedemento de revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito que non sexan ditados en materia de xestión tributaria, art.110 da Lei 7/85 do 2 de abril, é un aspecto que é obxecto de discrepancia tanto da doutrina como por parte dos diferentes consellos consultivos xa que uns decántanse polo Pleno da Corporación por ter a competencia en materia de accións xudiciais e administrativas así como a revisión de oficio de actos de xestión tributaria e declaración de lesividade e outros polo órgano que adoptou o acto como así se dispón no Título X da LBRL para os municipios de gran poboación e porque o exercicio da autotutela administrativa extraordinaria que atribúe a revisión



de oficio debe realizarse polo órgano que ditou o acto administrativo que ademáis esgota a vía administrativa e é competente para coñecer dos recursos en vía administrativa ordinaria.

Por tanto, sería o mesmo órgano que ditou o acto administrativo de aprobación inicial da MP6, a alcaldesa da corporación, segundo competencia atribuída no art.21.1.q) da LBRL.

*TERCEIRA.-* Atendendo ó aspecto material do asunto, atopámonos ante un acto administrativo consistente na aprobación inicial da modificación puntual dun instrumento de planeamento xeral "alternativo" ó Plan xeral pero que en base ó seu contido, permite a aprobación do planeamento de desenvolvemento.

Estamos ante unha modificación puntual singular dado que posúe regulación propia específica xa que o seu obxecto é o de delimitación do solo de núcleo rural polo que o seu iter procedimental ven disposto no artigo 78 da LSG e o art.191 do RLSG aplicando o resto da normativa no caso de xurdir dúbidas ou lagunas interpretativas neste artigos dacordo dispón o artigo 83.5 e punto 6 da LSG:

*5. La revisión del planeamiento y las modificaciones de cualquiera de sus elementos se sujetarán a las mismas disposiciones enunciadas para su tramitación y aprobación.*

*6. En el caso de las modificaciones del planeamiento general que tengan por objeto la delimitación del suelo de núcleo rural de acuerdo con lo establecido en el artículo 23, se tramitarán siguiendo el procedimiento establecido en el artículo 78 de la presente ley.*

Nos numerosos municipios galegos que carecen de PXOM, acudíuse a esta disposición xeral substitutiva (NNSS) prevista nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 1346/76 de 9 de abril, de modo que facultaba para desenvolver o planeamento de desenvolvemento e dota dun instrumento de planeamento xeral ó concello afectado.

Esta superposición ou substitución conleva unha serie de consecuencias formales e materiais, entre as cales se atopa as de asimilar o órgano competente para a súa aprobación, modificación e revisión tanto a nivel local como autonómico atendendo a unha interpretación sistemática e integradora da normativa delimitadora destas atribucións, xa que estamos ante un instrumento de planeamento xeral e non de desenvolvemento para os que efectivamente non hai dúbidas sobre o órgano competente para a súa aprobación inicial á vista do artigo 21.1.j) e 22.2.c) da LBRL que atribúen ó Alcalde da corporación e ó Pleno respectivamente facultades en materia de aprobación de instrumentos urbanísticos:

- Art. 21.1.j): Las aprobaciones de los instrumentos de planeamiento de desenvolvemento del planeamiento general no expresamente atribuídas al Pleno, así como la de los instrumentos de gestión urbanística y de los proyectos de urbanización.

- Art. 22.2.c): La aprobación inicial del planeamiento general y la aprobación que ponga fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la legislación urbanística, así como los convenios que tengan por objeto la alteración de cualesquiera de dichos instrumentos.

**Polo tanto, da lectura deste preceptos é palmario e ostensible que, se conforme ó artigo 83.5 da LSG, a modificación dun instrumento de planeamento xeral suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, o órgano competente para a aprobación inicial dunha modificación de NNSS, é o Pleno do concello respectivo.**

Isto conleva que a Resolución nº 326/2019 emitida pola Alcaldía da Corporación o 11 de marzo para aprobar inicialmente a MP6 atópase viciada de nulidade de pleno dereito por incurrir no suposto previsto no artigo 47.1.b) da LPACAP por ser dictada por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.



*CUARTA.- Como xa manifestei, estamos ante unha actuación de carácter singular cunha regulación concisa pero precisa e comprensible nos artigos 78 da LSG e 191 do seu regulamento co fin de delimitar o solo de núcleo rural ou como no caso que nos ocupa, modificar a delimitación existente segundo establece o segundo parágrafo do artigo 200.6 do RLSG.*

*Neste caso, o lexislador optou de maneira expresa por non contemplar o trámite de aprobación inicial do expediente de delimitación tanto para os municipios con planeamento xeral como para aqueles que carezan del.*

*Buscouse por tanto alixerar e dotar de sencillez a este procedemento específico para garantir unha maior celeridade tanto na delimitación ex novo dos NR como no caso que nos ocupa de modificación da mesma.*

*É dicir, obiter dicta, aplicando os criterios interpretativos previstos no artigo 3.1 do CC e vista a literalidade das normas citadas que non admiten incertidumes, in claris non fit interpretatio, segundo o procedemento previsto no artigo 191 do RLSG e o artigo 78, non cabería aprobación inicial polo que o acto aprobatorio non é conforme a dereito non só por non adecuarse ó procedemento legalmente establecido senón tamén por adoptarse por órgano manifestamente incompetente material ou funcionalmente (supostos de nulidade previstos no artigo 47.1 da LPACAP).*

*De feito, o lexislador refírese de xeito expreso á aprobación inicial para o resto de instrumentos de planeamento tanto xerais como de desenvolvemento polo que neste caso non é un olvido que poida permitir a substitución do trámite por parte dun órgano de natureza xestora carente de potestade lexislativa para atribuírse competencias.*

*A maiores, ó adoptar dito acordo habería que aplicar as consecuencias que ope legis se derivan do mesmo e que veñen previstas no artigo 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG que non son outras que a suspensión automática das licenzas de parcelación, edificación e demolición coas excepcións previstas e a necesidade de determinar no acordo de xeito expreso as áreas afectadas pola suspensión.*

*QUINTA.- Por tanto, estamos ante unha innovación procedimental non permitida pola normativa de aplicación que vulnera a garantía e a seguridade xurídica que supón que os actos administrativos se produzan polo órgano competente axustándose ós requisitos e ó procedemento establecido adecuado ós seus fins como asevera con carácter básico o artigo 34 da LPAC.*

*Deste xeito, atopámonos ante unha resolución de aprobación inicial ditada nun procedemento para o cal a LSG e o seu regulamento non contemplan de forma expresa dito acto administrativo de carácter inicial, se ben sí que se regula unha solicitude inicial por parte do órgano competente conforme ó artigo 191.1.4 punto a) do RLSG e artigo 78.4<sup>a</sup>) que establecen a fase de avaliación ambiental previa que deben cumprir tódolos instrumentos de planeamento así como as súas modificacións.*

*En todo caso, non figura legalmente a necesidade de aprobación inicial formal de xeito expreso como así se adoptou, mais, a consellería competente para a aprobación definitiva requirenos no escrito con entrada de 5 de decembro de 2019 (núm. 6397) que ...compre, novamente, aprobar inicialmente o documento polo órgano competente e sometelo ao trámite establecido no artigo 60.6 da LSG.*

*Neste caso, por mor da avaliación ambiental estratéxica simplificada ó que se someteu a MP6, xa se obtivo o informe ambiental estratéxico elaborado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 31 de maio de 2018 e entrada neste concello o 25 de xuño dese mesmo ano no que conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a MP6 das NNSS do Concello de Vimianzo.*

*Este informe emítese dacordo ó artigo 191.4.b) do RLSG polo que o requerimento da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda citado para a tramitación dunha DAE non ten obxecto e máis tendo en conta o período de 4 anos de vixencia do IAE ó teor do artigo 31.4 da Lei 21/2013 de 9 de decembro.*



SEXTA.- En todo caso e aclarado este aspecto procedimental ambiental, non é menos certo que hai un acto adoptado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia, unha incompetencia funcional que non ha lugar a dúbidas nin está suxeita a convalidación polo seu carácter de nulidade absoluta en virtud do suposto previsto no artigo 47.1.b) da LPAC. Así, desde un punto de vista xurisprudencial a nulidade dun acto administrativo dictado por órgano incompetente por razón da materia ou territorio, únicos supostos de incompetencia que comportan a nulidade absoluta, debe ser ostensible, clarividente e manifiesta.

O TS establece entre outras en sentencias de 15 de xuño de 1981; 25 de xaneiro de 1980 e 7 de outubro de 2003 que a expresión manifestamente incompetente significa evidencia e rotundidade; que de xeito claro e notorio o órgano administrativo carezca de toda competencia respecto dunha determinada materia como é o caso en relación coa aprobación inicial das modificacións do planeamento xeral. En fin, que non se precise un esforzo interpretativo ou argumental para detectar dita incompetencia.

No mesmo senso pronunciase o Consello de Estado entre outros en Ditame e 17 de xaneiro de 2013.

Os efectos da nulidade son erga omnes e ex tunc, é dicir, desde o momento de produción do acto polo que en principio as actuacións que deriven dese acto orixinario serían nulas de pleno derecho e deberían desaparecer do tráfico xurídico unha vez declarada a nulidade daquel mediante o procedemento previsto no artigo 106 da LPAC por remisión do artigo 53 da LBRL.

Máis é aquí onde se manifesta con forza o principio de seguridade xurídica previsto no artigo 9 da CE intrínsecamente relacionado co principio de conservación de actos e economía procesal que ten o seu manifesto entre outros no artigo 73 da LXCA en relación coas disposicións xerais de carácter nulo e que permite modular os efectos ex tunc e erga omnes dos actos administrativos viciados de nulidade.

O procedemento que nos ocupa, é un procedemento de carácter moi complexo, bifásico e coa intervención de múltiples administracións sendo a competente para a súa aprobación definitiva a administración autonómica en base a súa competencia exclusiva en materia urbanística e ordenación do territorio previsto no artigo 148.1.13 da CE e correlativo do Estatuto de Autonomía e configurado legalmente na LSG.

Este procedemento se non aplicamos os principios referidos a través das figuras que permite a normativa de aplicación nos abocaría a deixar sen efectos xurídicos e como actos valdíos a inxente cantidade de informes sectoriais doutras administracións que esixe a aprobación desta modificación do planeamento vixente así como as alegacións presentadas e a súa valoración.

Esta conservación de actos administrativos e trámites que evite que se vulneren en caso de nulidade o anulabilidade os principios de eficacia e eficiencia previstos entre outros no artigo 103 da CE, 6 da LBRL e 7 da LOEP ten o seu reflexo legal no seo da competencia exclusiva básica do estado en materia de réxime xurídico e procedemento administrativo común das administracións públicas (art.149.1.18 da CE) plasmada na LPACAP e concretamente nos artigos 49 e 51 perfectamente comprensibles e do seguinte teor:

Artículo 49: Límites a la extensión de la nulidad o anulabilidad de los actos

**1. La nulidad o anulabilidad de un acto no implicará la de los sucesivos en el procedimiento que sean independientes del primero.**



2. La nulidad o anulabilidad en parte del acto administrativo no implicará la de las partes del mismo independientes de aquélla, salvo que la parte viciada sea de tal importancia que sin ella el acto administrativo no hubiera sido dictado.

#### Artículo 51: Conservación de actos y trámites

El órgano que declare la nulidad o anule las actuaciones dispondrá siempre la conservación de aquellos actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción.

Coa finalidade exposta da conservación de actos, neste caso o IEA e os diferentes informes sectorias recibidos e á espera cuia solicitude parte da resolución da alcaldía incurso en nulidade, pronúnciase a favor o TS en sentenza de 4 de xuño de 2008 que dí “La conservación de los actos administrativos está directamente vinculado al principio de eficacia administrativa (art. 103 CE) y, lo que hace a procesos selectivos como el aquí litigioso, permite igualmente atender al elemental postulado de equidad (art. 3.2 del Código civil) que aconseja limitar en lo posible las gravosas consecuencias de las nulidades administrativas para aquellos particulares que deban soportarlas sin haber sido causantes de las mismas.”

Asímesmo e seguindo a doutrina de incorporación de actos derivada do artigo 92 da LPACAP en relación coa caducidade de actos corroborada por STS de 24 de febreiro de 2004, os actos administrativos referidos no parágrafo anterior e a documentación obrante no expediente viciado de nulidade de pleno dereito, poderíanse incorporar a un novo procedemento xa que o seu contido manteríase igual de non producirse a citada nulidade previa aprobación inicial por acordo do órgano competente, neste caso o Pleno da Corporación.

Na anterior LPAC, a Lei 30/92 de 26 de novembro, no artigo 64 contemplábase xunto a conservación un vocábulo que era paradigmático desta incorporación, a transmisibilidade que actualmente mantén a súa vixencia e coa mesma redacción pero neste caso no artigo 49 da LPACAP transcrito anteriormente.

Por tanto, cabería adoptar acordo plenario de aprobación inicial da MP6 e de xeito expreso en base a estas consideracións como motivación “in aliunde” conservar a documentación e actuacións posteriores por causa do principio de conservación de actos e de limitacións ós efectos da nulidade de pleno dereito da resolución de Alcaldía nº 326/2019 de 11 de marzo que culminaría posteriormente coa aprobación provisional por parte do mesmo órgano municipal.

Asímesmo, debería facer referencia á suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio afectado pola MP6 excepto no caso de proxectos ou comunicacións previas que cumpran simultaneamente coa ordenación urbanística en vigor e a prevista na modificación do ámbito territorial afectado. Todo esto nos termos previstos no artigo 47 da LSG e 86 do RLSG.

Por último, o quorum necesario para a adopción deste acordo plenario sería o de **MAIORÍA ABSOLUTA DO NÚMERO LEGAL DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN (7)** conforme ó disposto no artigo 47.1.II) da LBRL sendo por tanto este informe preceptivo por este fundamento entre outros e no seu caso o da Intervención municipal.

#### Conclusión:

Dos extensos considerandos anteriores podemos extraer dúas conclusións, a primeira que a resolución adoptada o 11 de marzo de 2019 aprobando inicialmente a MP6 por parte da Alcaldía da Corporación está viciada de nulidade de pleno dereito por atoparse incurso no suposto previsto no punto b) do epígrafe 1º do artigo 47 da LPACAP polo que é preceptiva a súa declaración de nulidade previo expediente ad hoc do cal este informe otorga motivación; e segunda, que o Pleno da corporación deberá adoptar un acordo de aprobación inicial da MP6 conservando os trámites e documentos obrantes no





*expediente por razóns de economía procesal, seguridade xurídica e eficiencia en base ós límites e principio de conservación de actos previstos legalmente.*

*Amáis deberá solicitarse informe sectorial á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo especificando o obxecto do mesmo que sería o previsto no artigo 102 do Decreto 20/2011 de 10 de febreiro e 50 da Lei 12/2014 de 22 de decembro co fin de evitar confusións como a percibida no requerimento realizado.*

*E polo que propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo nomeado "Redelimitación dos núcleos rurais de O Campo, Bamiro, O Ceán, Tines, Romarís, Treos, O Refoxo e Quintáns" elaborado polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación da Coruña.*

*SEGUNDO.- Conservar as actuacións e documentos obrantes no expediente núm. 2019/X999/000006 en base ó principio de conservación de actos e limitacións da extensión da nulidade de actos previstos nos artigos 49 e 51 da LPACAP.*

*TERCEIRO.- Solicitar o informe sectorial da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dacordo ó artigo 102 do Decreto 20/2011 de 10 de febreiro e 50 da Lei 12/2014 de 22 de decembro ( no caso de ser pertinente unha vez consultado o arquitecto da corporación de forma escrita).*

*CUARTO.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e en dous diarios de maior difusión da provincia e notificalo individualmente a tódolos titulares catastrais dos terreos afectados para o seu coñecemento comunicando que dito traslado non supón en ningún caso a apertura dun novo período de exposición pública.*

*QUINTO.- Dar traslado deste acordo o CMATV como órgano competente para aprobación definitiva deste expediente ós efectos do seu coñecemento por mor dos principios de información mutua, colaboración e respecto que rexen as relacións entre as administracións públicas.*

*SEXTO.- Consonte o artigo 47 da LSG (Lei 2/2016 de 10 de febreiro) e 86 do RLSG (Decreto 143/2016 de 22 de setembro) determinase a suspensión de concesión de licenzas urbanísticas nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supoñen modificación da ordenación urbanística vixente agás nos supostos previstos no punto 3 do artigo 86 do RLSG."*

*DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.*

*O Secretario*

*Francisco Javier Novoa Juiz*

*Ante mín, A Alcaldesa*

*Mónica Rodríguez Ordóñez."*

*Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo nomeado "Redelimitación dos núcleos rurais de O Campo, Bamiro, O Ceán, Tines, Romarís, Treos, O Refoxo e Quintáns" elaborado polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación da Coruña.*

*SEGUNDO.- Conservar as actuacións e documentos obrantes no expediente núm. 2019/X999/000006 en base ó principio de conservación de actos e limitacións da extensión da nulidade de actos previstos nos artigos 49 e 51 da LPACAP.*

*TERCEIRO.- Solicitar o informe sectorial da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dacordo ó artigo 102 do Decreto 20/2011 de 10 de febreiro e 50 da Lei 12/2014 de 22 de decembro.*



CUARTO.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e en dous diarios de maior difusión da provincia e notificalo individualmente a tódolos titulares catastrais dos terreos afectados para o seu coñecemento comunicando que dito traslado non supón en ningún caso a apertura dun novo período de exposición pública.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo o CMATV como órgano competente para aprobación definitiva deste expediente ós efectos do seu coñecemento por mor dos principios de información mutua, colaboración e respecto que rexen as relacións entre as administracións públicas.

SEXTO.- Consonte o artigo 47 da LSG (Lei 2/2016 de 10 de febreiro) e 86 do RLSG (Decreto 143/2016 de 22 de setembro) determinase a suspensión de concesión de licenzas urbanísticas nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supoñen modificación da ordenación urbanística vixente agás nos supostos previstos no punto 3 do artigo 86 do RLSG.

O que asino en Vimianzo  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez.”

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta fai un pequeno resumo do iter principais do expediente que xa se iniciou fai tres anos. Refírese ós informes sectoriais pendentes e como chegaron de urbanismo e patrimonio onde se manifesta a incompetencia manifesta da resolución de aprobación inicial sendo nula de pleno dereito e como co secretario da corporación chegaron a un consenso neste asunto previa reunión coa Secretaría Xeral de Urbanismo da consellería competente.

D<sup>a</sup> Raquel Rodríguez manifesta que desde o principio houbo varias reunións para fixar a redelimitación co obxecto de solucionar un problema concreta aínda que discrepa da forma en que quedou redactado o proxecto e que carecen información sobre o mesmo o que e consecuencia dunha falta de transparencia solicitando por tanto a súa modificación.

D. Manuel Antelo traslada a todos nos gustaría facer modificacións das NNSS para recoller tódalas necesidades e demandas do pobo pero hai que seguir unha serie de normas para elo. Amáis critican que en 9 meses desde que se adoptou a resolución de Alcaldía de aprobación inicial a Xunta de Galicia non se manifestara en relación coa súa viabilidade e que hai exemplos doutros pobos que adoptaron acordo pola Alcaldía como o de Castro de Rei como se pode cotexar no BOP correspondente.

Ademáis dí que xa non hai a presión que había para sacar o expediente adiante.

A Alcaldesa-Presidente resalta a transparencia do proceso xa que hai plena dispoñibilidade do expediente e foron todos notificados en tempo e forma sendo críticos en todo caso coa parte técnica. Replica que para o seu goberno sí que é urxente e sí que hai presión para sacar o expediente adiante e foron dilixentes comenzando a solicitar informes o 24 de xullo e a pregunta é porque non se aprobou en Pleno e que gracias a ir a Urbanismo da Xunta de Galicia e co asesoramento do Secretario da Corporación poden librar as actuacións realizadas sendo o compromiso grande para solucionar este problema.

D<sup>a</sup> Raquel Rodríguez expresa a súa postura coherente no caso de que o proxecto sega sendo o mesmo e non se modifique.



D. Manuel Antelo dí que sabe que os procedementos se realizan por indicación dos técnicos e naquel momento considerouse que por resolución de Alcaldía podíase aprobar inicialmente a MP6.

A Alcaldesa-Presidenta para rematar reitera a transparencia do procedemento e que dacordo o informe de secretaría o órgano competente é o Pleno da corporación e quere agradacer á urbanismo autonómico e á xente resolutiva que se poidan levar a cabo de xeito eficiente os expedientes.

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por dez votos a favor (6 do PsdeG-PSOE e 4 de Adiante Vimianzo), dúas abstencións do PP e ningún voto en contra.

### **3.- Ditame para a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 28 de xaneiro de 2020 que se reproduce a continuación:

#### **"1. Proposta de ditame para a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2020, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA PLENO**

#### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS**

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.

Visto a variación do IPC a novembro de 2019, que foi de 0,4 %.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobación da modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:



“7.2 A cota tributaria pola prestación dos servizos de escola infantil determinarase de conformidade coa seguinte tarifa e cos descontos previstos para adoptar a contía das taxas á capacidade económica dos suxeitos pasivos.

(...Resto do artigo permanece igual...)

4. Aplicación das taxas mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar, queda como segue:

Tramos renda per cápita Intervalo IPREM	Tarifa	Xornada completa	Media Xornada	Comedor Escolar	Transporte
> 200%	1	165,98	82,99	50	50
151% - 200%	2	144,19	72,10	43	43
126% - 150%	3	130,71	65,36	36	36
101% - 125%	4	109,96	54,98	25	25
76% - 100%	5	68,46	34,24	18	18
51% - 75%	6	34,24	17,12	12	12
31% - 50%	7	0	0	12	12
< ou = 30 %	8	0	0	0	0

(...Resto do artigo permanece igual...)

6. As taxas establecidas no punto 4 actualizaranse anualmente conforme as fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLFL.

7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Viaxes (€)
Menores ou iguais á PNC	0,50 x SMI	40,47
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	0,70 x SMI	40,47
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	0,90 x SMI	40,47
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	1,00 x SMI	40,47
Maiores ao triplo do SMI	1,50 x SMI	40,47

(...Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO



Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,24	0,38
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,46	0,61
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,72	0,76
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	4,93	0,99
Maiores ao triplo do SMI	6,18	1,24

A estos prezos hai que engadirlle un custo de 1,84 € por día para o transporte se éste fose necesario.

